



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000013

Valdoviño, 06 de outubro de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia da alcaldesa acdta, Rosa Ana García López os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Benito Manuel Vega Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Don Alberto González Fernández – Alcalde-, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Ana Belén Pérez Fernández do PsdeG-PSOE.

Don Javier Bouzamayor Casas do PP.

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1^o.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 12.09.22 (ORDINARIA).-

O sra. Alcaldesa acdta, que preside a sesión, preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión citada do 12.09.22 queda aprobada sen ningunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes a esa sesión).

2º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SERVICIOS DE RECOGIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS Y LIMPIEZA VIARIA EN EL AYUNTAMIENTO DE VALDOVIÑO.-

PROPUESTA AL PLENO DE LA CORPORACIÓN

Expediente número: 2022/C004/000002

EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVICIOS DE RECOGIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS Y LIMPIEZA VIARIA EN EL AYUNTAMIENTO DE VALDOVIÑO

Procedimiento de contratación: abierto-armonizado; varios criterios de adjudicación

Tramitación: ordinaria

Presupuesto del contrato total estimado:

4.052.051,40 euros (sin IVA añadido); 4.457.256,54 € (IVA añadido)

Valor anual medio del contrato.-

405.205,14€ (sin IVA y por anualidad completa)

445.725,65€ (IVA añadido y por anualidad completa)

IVA 10%.- 40.520,59 euros/anual

Duración de la ejecución: DIEZ AÑOS (10), sin prórroga.

Vista la tramitación del citado expediente, del que destacan los siguientes antecedentes:

Publicado anuncio de licitación en la Plataforma de Contratación del Sector Público y en el DOUE, dadas las características del contrato en 05.08.22, con publicación pliegos (10.08.22.

En sesión de Mesa Contratación de 15.09.22 se apertura el sobre nº 1.- para apertura sobre electrónico nº 1.- Documentación general y se comprueba la documentación contenida en el mismo de la única empresa licitadora CIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.; resultando admitida tras la revisión.

En la misma sesión con carácter público se procede a la apertura del sobre electrónico nº 2.- Proposición relativa a los criterios de adjudicación dependientes de un juicio de valor; y de Orden de la Presidencia se da traslado de la documentación para informe técnico; emitiéndose informe favorable con una valoración de 38,2 puntos y en el que se concluye:

“....

La valoración de los criterios evaluables mediante juicio de valor para la oferta presentada por FCC Medio Ambiente, S.A.U alcanza la puntuación mínima de 25 puntos exigida por los pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente procedimiento de contratación”.

Dicho informe técnico consta incorporado integro en el expediente y plasmado en la PCSP (perfil del contratante).

En sesión de Mesa de Contratación de fecha 26 de septiembre/2022, se apertura en acto público, el sobre electrónico nº 3.- Proposición económica y oferta relativa a los criterios de adjudicación dependientes de un juicio de valor, reflejándose en el acta el proceso de apertura y valoración con el contenido literal siguiente:

“

Contiene el Anexo II.- Oferta económica y mejoras conforme al modelo y contenido del pliego de cláusulas administrativas que rigen la contratación con la siguiente oferta económica:

Importe neto: CUATROCIENTOS TRES MIL SEISCIENTOS NOVENTA Y SIETE EUROS CON CINCUENTA Y UN CÉNTIMOS ANUALES (403.697,51 €/AÑO).

IVA: (10%) CUARENTA MIL TRESCIENTOS SESENTA Y NUEVE EUROS CON SETENTA Y CINCO CÉNTIMOS ANUALES (40.369,75 €/AÑO).

TOTAL: CUATROCIENTOS CUARENTA Y CUATRO MIL SESENTA Y SIETE EUROS CON VEINTISÉIS CÉNTIMOS ANUALES (444.067,26 €/AÑO)

La oferta no supera el valor anual medio del contrato que sin IVA añadido y por anualidad completa es de: 405.205,14 euros (PCAP (punto 4º) y Anexo I.- Cuadro Características contrato).

Contiene también el sobre n.º 3 documentación relativa a otros criterios cuantitativos evaluables con fórmulas: MEJORAS:

1.- Ampliación de frecuencias de recogida/limpieza durante la campaña de verano (zona Pantín y Villarrube los 7 días); con adscripción de un operario los 7 días de la semana durante la temporada de verano, que con un vehículo auxiliar híbrido como hidrolimpiador, actuará en las áreas más importantes de Pantín y Villarrube, así como los accesos a las playas. Realizará un barrido manual y procederá al vaciado de papeleras.

2.- Ampliación en por lo menos 25 % de la capacidad de recogida a través de colectores (ya sea por incremento del número de colectores, ya sea por incremento de la capacidad de los mismos) . Se compromete a ampliación en un 56,31 % de la capacidad de recogida a través de colectores.

Presenta un inventario propio de la contenerización y su correspondiente volumen y cálculo del volumen de los contenedores según el pliego y muestra la conenerización propuesta.

3.- Ampliación de la frecuencia de limpieza de los colectores (una vez más al año en cada modalidad); indicando que se realizará el lavado de los contenedores de todas las fracciones mediante contenedores de carga lateral y trasera de los contenedores de todas las fracciones. Los contenedores de carga trasera con el lavacontenedores de carga trasera con 2 operarios y los de carga lateral con el lavacontenedores de carga lateral con un operario.

4.- Compromiso de prestación de servicios especiales en caso de eventos adicionales a los recogidos como obligatorios: especificando que FCCMA, a través del equipo de limpieza de fiestas, ferias y actos públicos en general y mercados, formado por un operario y un vehículo auxiliar, se compromete a dicha prestación de servicios especiales.

5.- Servicio adicional de recogida de animales muertos, especificando que FCCMA, instalará un arcón congelador en las instalaciones de la contrata, en la que depositará

en una bolsa cerrada el animal muerto correspondiente. Posteriormente un gestor autorizado vaciará dicho arcón llevándolo para un tratamiento según normativa vigente.

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C004/000002 – contratación de los servicios de recogida de residuos domésticos y limpieza viaria en el ayuntamiento de Valdoviño y prestaciones complementarias que sean requeridas de conformidad con el Pliego de prescripciones técnicas.

A continuación, la Mesa de Contratación, de conformidad con lo estipulado en el punto 10º del PCAP, valora la oferta:

Al tratarse de un único licitador:

Fórmula: $PI_{40} X$ (Precio mínimo ofertado/ Precio oferta licitador)

$PI_{puntuación}$ de la oferta evaluada.

Valor introducido por el licitador: 403.697,51 €/año

$40 X (403.697,51 \text{ €/AÑO} = 40 X 1 = 40 \text{ Puntuación. Oferta económica.}$

En cuanto a mejoras puntuables (pliego)

Mejora 1.- 6 puntos

Mejora 2.- 6 puntos

Mejora 3.- 4 puntos

Mejora 4.- 3 puntos

Mejora 5.- 1 punto

Presentando el licitador todas las mejoras contempladas en el pliego, se le otorga la puntuación de 20.

Puntuación de la valoración de los criterios valorables mediante fórmulas: 60 puntos.
Alcanzando pues la máxima puntuación en estos criterios.

Considerando que en los criterios de valoración evaluables mediante juicio de valor obtuvo 38,2 puntos alcanzando en exceso la puntuación mínima exigida (se exigían 25 en los PCAP del presente procedimiento de contratación para estos criterios)

La puntuación total es de: $38,2 + 60 = 98,2$ puntos.

En consecuencia, la Mesa por unanimidad de los presentes **ACUERDA:**

.- De conformidad con el punto 16º del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares **FORMULAR AL ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (PLENO DE LA CORPORACIÓN) PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN** a favor de la única empresa presentada a la licitación: **NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U**; motivado en que de la documentación generada que consta en el expediente (documentación sobres, actas de las reuniones de la Mesa de Contratación e informes) se deduce que la proposición presentada por el licitador cumple con los Pliegos que rigen la contratación y puede serle adjudicado el contrato; sabiendo que esta propuesta no crea en principio derecho alguno del licitador propuesto frente al Concello de Valdoviño (en base al artículo 157. 6 de la Ley de Contratos del Sector Público).
....)

Considerando que el órgano competente para contratar es el Pleno por tratarse de un contrato plurianual y además superar el importe total de las anualidades el 10% de los recursos ordinarios del presupuesto vigente,

Esta Alcaldía en base a las atribuciones que tiene conferidas por Ley PROPONE al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes ACUERDOS:

Primero.- Dar por válidas las actuaciones de tramitación que constan en el expediente, para la contratación del expediente de servicios de recogida de residuos domésticos y limpieza viaria en el Concello de Valdoviño.

Segundo.- Considerando la propuesta elevada por la Mesa de Contratación al órgano de contratación, de adjudicación a la empresa **NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.**; del contrato referido y vista la motivación, **REQUERIR a este licitador (conforme a la Cláusula 17 del pliego de cláusulas administrativas que rigen la contratación), y conforme a lo dispuesto en el artículo 150 de la LCSP** para que, dentro del plazo de DIEZ DIAS HÁBILES (10) que se contarán desde el siguiente a aquél en que reciba el requerimiento, presente la documentación justificativa de las circunstancias que se describen en la cláusula nº 9 del pliego antedicho.- “Capacidad para contratar y solvencia”. Además justificará estar al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social, disponer efectivamente de los medios que se comprometió a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato y constituir la garantía definitiva por valor del 5% del importe de adjudicación, excluido el IVA (teniendo en cuenta el carácter plurianual del contrato: 10 anualidades); todo ello en la forma referida en el pliego de cláusulas administrativas.

De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que la empresa licitadora retira su oferta.

No obstante, el Pleno de la Corporación acordará lo que estime más conveniente.

/Documentado firmado electrónicamente por el sr. Alcalde al margen del mismo/.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión acordou aprobar a proposta que antecede.

Votos favorables dos concelleiros asistentes do PSdeG-PSOE (6 votos) e da concelleira de CENVA (1 voto), abstención da concelleira asistente do PP (1 voto).

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Ao abeiro do artigo 91.4 do ROFRXEL, a alcaldesa acctal e voceira do grupo PSdeG-PSOE propón incluír por razón de urxencia os puntos da orde do día que de seguido se especifican, xustificando a urxencia dos mesmos e o Pleno vota acto seguido sobor da procedencia do seu debate, que o ser o resultado da votación da urxencia positivo, seguese o procedemento previsto no artigo 93 deste Regulamento.

1.- Aprobación provisional da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do PAI de Valdoviño.

Pola Presidencia lembrese aos presentes de que se informou sobor deste asunto en comision informativa de educación de data 29.09.22 e somete a votación a urxenza do

asunto, baseada no feito de que dado o inminente inicio do curso 2022-23 do Punto de Atención á Infancia co nova Orde das axudas da Xunta de Galicia faise necesario e urxente contar cunha unha ordenanza municipal adaptada os novos prezos.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (8 votos dos 13 que a compoñen) aproba a urxenza do asunto.

-APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO:

“Ao abeiro do recoñecido no artigo 142 da Constitución española, en uso das competencias locais recoñecidas no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local (...).

Visto o Regulamento de funcionamento da Aula da Natureza (Punto de Atención á Infancia) do Concello de Valdoviño, publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia núm. 51 do 16 de marzo do 2017, procede a súa modificación para adaptala aos principios de boa regulación e comprobar a medida na que a norma en vigor alcanzou os obxectivos previstos e se está xustificando e correctamente cuantificado o custo e cargas impostas na mesma, conforme o artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 29.2 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia engadiu un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia que establece o seguinte:

Co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de lograr a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo con a regulación nela establecida para os distintos supostos que contempla.

Conforme a Orde do 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude publicada no Diario Oficial de Galicia en data 3 de agosto do 2022, a realización da compensación pola bonificación do 100 por cento da atención educativa, así como a relativa aos gastos de mantemento dos centros, levarase a cabo a través dunha convocatoria anual de subvencións (...) en réxime de concorrencia non competitiva.

A estes efectos, o artigo 17 da referida Orde do 22 de xullo do 2022 establece a entidade local acreditará estar aplicando no Punto de Atención á Infancia en Valdoviño (...) *un réxime de prezos equivalente ao regulado polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, coas actualizacións publicadas da variación interanual positiva experimentada polo índice*

xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos seguintes termos:

1. *Atención educativa: establecerase o importe do prezo máximo que se vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no dito decreto.*

(...)

3. *Matrícula: poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo da matrícula que estea recollido na ordenanza fiscal correspondente ao curso 2021/22, cun límite máximo de 100 euros.*

Seguidamente, o artigo 18 da Orde do 22 de xullo do 2022 establece a obriga de aplicar a bonificación do 100 por cento, a partir do 1 de setembro do 2022, (...) a todos os nenos que asistan á escola infantil 0-3, así como a matrícula, de ser o caso.

En virtude do exposto, é preciso modificar a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño e así tomou razón a Comisión Informativa de educación, cultura, xuventude, servizos sociais, sanidade e turismo do Concello de Valdoviño en sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 29 de setembro do 2022.

Consta no expediente 2022/G016/000002, informe de necesidade asinado pola Educadora Social (Colex. 3545) en data 4 de outubro do 2022 así como o texto modificado da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño.

En virtude do artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, consta informe do asesoramento legal preceptivo da Secretaría municipal asinado en data 5 de outubro do 2022.

En aplicación do disposto no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e desenroladas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; foi emitido pola Intervención municipal o informe desfavorable núm. 1/Ingresos (EMP 99/2022) en data 5 de outubro do 2022.

Conforme a lexislación vixente, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Valdoviño, como órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE VALDOVIÑO

Artigo 1.- Natureza e fundamento

Ao abeiro do recoñecido nos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, en uso das

competencias locais recoñecidas no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o disposto nos artigos 41 a 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Valdoviño establece o prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño (“Aula da Natureza”).

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible do prezo público a utilización dos servizos e instalacións do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4. Pagamento.

1. O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. Salvo o disposto no artigo 6 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 5.- O prezo público.

1. O prezo público pola atención educativa no Punto de Atención á Infancia de Valdoviño será o establecido polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia, e que figuran no anexo á presente ordenanza.

Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

2. Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo desta ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e: i.Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii.Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii.Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imoñible xeral coa base imoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das

das declaracións do IRPF con código seguro de verificación (CVS) ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF, ou ben copias das certificadas pola Administración tributaria de dita documentación.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización ao Concello de Valdoviño para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias. A estes efectos, todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar dita solicitude.

No suposto de percibir pensión, achegarse certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da Administración autonómica pagadora.

Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No suposto de que non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

A citada documentación fará referencia ás circunstancias existentes ao momento de apertura do prazo de preinscrición, matrícula e renovación da praza.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 6. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase á Alcaldía para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta Ordenanza.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO 1

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

2. Prezo por servizos complementarios.

a) Horario ampliado.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

O prezo da hora extraordinaria non está suxeito a redución algunha.. As persoas usuarias poderán solicitar horario ampliado de carácter extraordinario (9ª e 10ª hora) xornada de atención educativa sempre que se acredite a necesidade e sexa viable atendendo aos horarios e desenvolvemento do servizo.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

IPREM	Prezo público Xornada completa
Renda inferior ao 30 por cento	0,00 €
Entre o 30 e inferiores ao 50 por cento	0,00 €
Entre o 50 e inferiores ao 75 por cento	34,91 €
Entre o 75 e inferiores ao 100 por cento	68,91 €
Entre o 100 e inferiores ao 125 por cento	112,13 €
Entre o 125 e inferiores ao 150 por cento	133,29 €
Entre o 150 e o 200 por cento	147,05 €
Renda superior ao 200 por cento	169,26 €

O réxime de xornada completa supón a permanencia do neno/a no Punto de Atención á Infancia máis de 4 horas ao día.

O réxime de media xornada implica a permanencia do neno/a no Punto de Atención á Infancia un máximo de 4 horas e implica a redución no 50 por cento do importe que correspondería aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

A matrícula do neno/a pola atención educativa no Punto de Atención á Infancia de Valdoviño é de 45 euros por curso escolar.

4. Descostos no prezo público e bonificacións

a) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

i. Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

ii. Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

iii. Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

iv. Bonificación do cen por cen do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula dos nenos que asisten ao Punto de Atención á Infancia, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas

. Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

b) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Terceiro.- Expoñer ao público o acordo provisional adoptado pola corporación local respecto a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño durante 30 días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas, conforme o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Cuarto.- Simultaneamente publicar o anuncio do texto modificado da Ordenanza

reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, na web do Concello.

Concluído o período de información pública, si se presentaran reclamacións e/ou suxestións deberán resolverse polo Pleno incorporando, se procedese, ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

Quinto.- De non presentarse reclamacións e/ou suxestións, se entenderá elevado a definitivo o acordo de aprobación, ata entón provisional, da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, previa certificación da Secretaría municipal.

Sexto.- Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, se publique no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado electrónicamente pola Alcaldesa accidental, Rosa Ana García”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (8 membros dos 13 que a conforman) acordou aprobar a proposta de alcaldía transcrita.

2.- Moción do grupo municipal PsdeG-PSOE.

A alcaldesa acctal, presenta por urxenza a seguinte moción do seu grupo, xustificando a urxenza na necesidade de adoptar acordos encamiñados á petición de bonificacións nas taxas que de algún xeito permitan promover a competitividade e sustentabilidade económica e ambiental da actividade portuaria e combatir a crise existente en Ferrolterra.

O Concello Pleno votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (8 votos dos 13 que a compoñen) aproba a urxenza da moción:

.- MOCIÓN PARA RECLAMAR A BAIXADA DAS TAXAS DA AUTORIDADE PORTUARIA FERROL-SAN CIBRAO CO FIN DE AXUDAR AO SECTOR INDUSTRIAL DE FERROLTERRA

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Valdoviño, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.1 apartado 29 a materia de industria como competencia exclusiva da Xunta de Galicia. O Goberno autonómico do Partido Popular en 13 anos desatendeu por completo o mandato estatutario, o que provocou que non só a política industrial non se desenvolvese e non se incrementase o tecido empresarial galego, senón que nin tan sequera se preocupou de apoiar e manter o xa existente.

Esta situación de desleixo á que nos sometou o Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos provocou que algunhas comarcas galegas vivan a peor situación da súa historia, no

que respecta a situación da industrialización , emprego e indicadores macroeconómicos . Particularmente na comarca de Ferrolterra e a súa área de influencia , como son as comarcas de Eume e Ortegal, esta situación é moi preocupante.

A falta de políticas industriais nos últimos anos encamiñadas a potenciar a produtividade e competitividade provocou a perda de empresas que no seu día foron o motor económico na bisbarra, así como o parón da actividade de outras que se traduce ademais nunha perda de poboación moi importante.

Como fitos verdadeiramente significativos do revés industrial que sofre a comarca podemos citar a complexa situación que padeceron grandes empresas de referencia como Endesa, Poligal, Siemens Gamesa ou Alcoa, así como a situación preocupante do sector naval. Así mesmo, con todos os problemas existentes nas principais empresas, as auxiliares sufriron unha baixada drástica de pedidos e tiveron que afrontar peches masivos.

Na comarca de Ferrolterra estamos ante a terciarización da economía e o declive do sector industrial, polo que, parafraseando ao presidente do goberno de España, cabe reivindicar que Ferrolterra quere unha comarca industrial que exporte bens e servizos e non exporte a súa intelixencia e aos seus traballadores e traballadoras.

Fronte esta situación de deixadez de funcións por parte da Xunta de Galicia , o goberno presidido por Pedro Sánchez comprometeuse coa comarca de Ferrolterra e co sector naval aprobando un novo programa de fragatas F-110 que vai a invertir uns 4.325 millóns de euros na comarca.

Un compromiso clave para a transformación e modernización deste sector e que suporá un gran impacto socioeconómico para a comarca, xerando dez anos de ocupación que se estima que xera ao redor de 9.000 empregos nos vindeiros dez anos, entre o persoal propio, auxiliar , empregado inducido e empregos indirectos a raíz da cadea de subministro.

A propia crise estrutural que está a atravesar dende hai anos o sector industrial na nosa comarca súmase a crise xerada pola pandemia causa pola Covid-19 e a incerteza provocada pola invasión rusa sobre Ucraia que está desencadeando un aumento dos prezos d enerxía, unha notable falta de materias primas e unha ampla problemática de loxística.

O Plan de Recuperación e Resilencia aprobado polo goberno de España como estratexia para canalizar os fondos destinados por Europa a reparar os danos provocados pola crise da Covid-19 leva a cabo reformas e inversións, para construír un futuro mais sostible que permita potenciar a produtividade e competitividade do país e manter, así, o noso tecido empresarial.

No pasado mes de marzo, o goberno presidido por Pedro Sánchez aprobou o Real Decreto-Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraia, no que entre outras moitas medidas de protección social e apoio ás familias e empresas, se acorda a exención da taxa de pesca fresca.

A Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao mantén unha relación biunívoca coa súa hinterland , formado principalmente por estas tres comarcas, toda vez que sen el nin existiría nin tería sentido a súa propia actividade.

Esta Autoridade Portuaria presidida polo Sr. Barea Paz non pode ficar allea á realidade social que está a padecer a comarca de Ferrolterra e debe implicarse nas medidas que todas as administracións públicas teñen que adoptar para combater esta situación que estamos a atravesar e pola que tantas familias e empresas están vendo alteradas ás súas vidas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello insta a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao a:

Adoptar de maneira urxente os acordos precisos, seguindo os trámites legalmente establecidos, para alcanzar a bonificación máxima permitida na lexislación aplicable de todas as taxas que actualmente non se atopan exentas ou no seu máximo legalmente establecido, co fin de promover a competitividade e sustentabilidade económica e ambiental da actividade portuaria e contribuír ao combate da crise industrial que está a padecer a comarca de Ferrolterra, especialmente ante a situación causada pola guerra en Ucraia.

Valdoviño, 6 de outubro de 2022
Asdo.; Rosa Ana García López”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión (asisten 8 membros dos 13 que a compoñen), acorda aprobar a anterior moción.

Votos favorables: grupo municipal PsdeG-PSOE (6 votos dos asistentes) e grupo municipal CENVAL (1 voto).- 7 votos

Abstención do grupo municipal do PP (1 voto da asistente á sesión).

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- ESCRITO Á XUNTA DE GALICIA (DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL).-

Pola Presidencia, dáse conta ao Concello-Pleno de escrito dirixido pola Alcaldía á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Dirección Xeral de Medio Ambiente), remitido no día de hoxe (6.10.22) co número de rexistro saída: 20229000000648, cuio texto se pasa a reproducir:

“O Concello de Valdoviño foi informado pola veciñanza, dos traballos forestais e actuacións de restauración ecolóxica do sistema dunar de Mourouzos e A Frouxeira que se están a realizar no lugar de A Pedreira, sito na parroquia de Meirás.

Vista a afectación que están causando ditas actuacións sobre os espazos naturais da entidade local e propiedades privadas da nosa veciñanza, solicitamos información ao respecto.

Asinado electrónicamente pola Alcaldesa accidental, Rosa Ana García López”.

O Pleno tomou coñecemento e manifesta a súa conformidade coa remisión do escrito.

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de agosto de 2022, que comprenden do número 402 ao 460 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

4º.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA.

Nº EXPEDIENTE	APROBACION XGL OU RESOLUCIÓN ALCALDÍA	EMPRESA		IMPORTE	
2022/X999/000047	Xunta de Goberno Local de 12.05.2022	Certificación nº 1 contrato de obras: "Proxecto completo de edificación de vestiarios para o CF municipal de Mourente emitida por Eulogio Viñal Obras y construcciones, SA		10.008,20 €	
2022/G003/000233	Decreto 241/2022 de 30.05.2022.	Relación de facturas F/2022/15		10.382,21 €	
2022/X999/000057	Xunta de Goberno Local de 02.06.2022	Factura A37 de data 30.04.2022 de Ciamaria Música S.C	Somaga S.A.	3.256,00 €	17.245,40€

2022/X999/000065	Xunta de Gobierno Local de 23.06.2022.	FCC Medio Ambiente	24.994,07 €
2022/G003/000387	Decreto 369/2022 de 18.07.2022.	Gastos varios incluído na relación de facturas F/2022/23	16.093,13€
2022/X999/000086	Xunta de Gobierno Local de 04.08.2022	FCC Medio Ambiente	24.994,07 €
2022/G003/000439	Decreto 418/2022 de 05.08.2022	Gastos varios incluído na relación de facturas F/2022/28	3.962,83 €
2022/X999/000100	Xunta de Gobierno Local de 08.09.2022.	Factura nº. A38 y A39 CIAMARÍA MÚSICA,e ao Concello de Moeche incluída na relación de facturas F/2022/33	12.924,24 €
2022/G003/000482	Decreto 461/2022 de 01.09.2022.	Gastos varios incluído na relación de facturas F/2022/36	5.700,82 €
2022/X999/000101	Xunta de Gobierno Local de 08.09.2022.	Certificación nº 3 e final de obra de "Reparación de estradas en Beceiros, Domondó Frádigas, etc.." á empresa SYR-AMG, S.L.	59.316,84 €
2022/X999/000103	Xunta de Gobierno Local de 15.09.2022.	FCC Medio ambiente	8.145,59 € 24.994,07 €

O Pleno da Corporación tomou coñecemento.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Na senda peonil hai que facer un mantemento.

Responde o Sr. Vega Fernández (PSdeG-PSOE).- Non

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Non podemos pedir que o limpen?

Responde o Sr. Vega Fernández (PSdeG-PSOE).- Xa o comunicamos . Hai arbolado cerca do alumeado público e xa lle dixemos tamén o problema da senda e mais lugares . A Xunta coñece o problema.

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Hai que bachear, hai eleccións dentro de pouco, é hora de facelo.

Responde o Sr. Vega Fernández (PSdeG-PSOE).- Estamos nelo.

.- Sra. Testa Ameneiros (PP).- As subvencións de deportes non se pagaron.

Responde a Sra. Sabín Fernández (PSdeG-PSOE).- Xa foron a Xunta de Goberno. Estarán a punto.

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- E as festas se subvencionan?

Responde a alcaldesa accidental Rosa Ana García López.- Non se dan subvención polos Concellos.

.- Sra. Testa Ameneiros (PP).- E a subvencións para a Comisión de Festas?

Responde a alcaldesa accidental Rosa Ana García López.- É diñeiro que da a Deputación. Teñen que cumprir uns requisitos . A Deputación da diñeiro ao Concello e repártese en base a uns requisitos. Aínda non se abriu o prazo. Creo que son 9.000 €.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha hora deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e pola sra. Alcaldesa acctal/